

EXPEDIENTE	2026057192
ASUNTO	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 06/2026
TRÁMITE	PROPOSTA DO SERVIZO DE CULTURA

A Deputación de Pontevedra, no exercicio das competencias que lle atribúe a normativa vixente en materia de promoción e difusión da cultura, desenvolve distintas actuacións de apoio ao tecido cultural da provincia mediante programas e instrumentos de colaboración con entidades sen ánimo de lucro que contribúen ao enriquecemento da oferta cultural, á conservación e difusión do patrimonio cultural galego e á dinamización do territorio.

No desenvolvemento da programación cultural do exercicio 2026 púxose de manifesto a conveniencia de incorporar novas actuacións culturais promovidas por entidades da provincia, respecto das que se considera oportuno posibilitar a súa tramitación mediante o instrumento da subvención nominativa, para o que resulta necesaria a modificación do Anexo II das Bases de Execución do Orzamento, así como a dotación do crédito orzamentario correspondente.

A incorporación destas actuacións ao Anexo II ten por finalidade habilitar a súa eventual tramitación administrativa mediante os correspondentes expedientes de subvención nominativa, sen prexuízo de que a concesión efectiva de cada subvención quede condicionada á presentación da documentación exixida, á acreditación dos requisitos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e demais normativa de aplicación, así como á emisión dos informes técnicos, xurídicos e de fiscalización que resulten preceptivos.

En consecuencia, propónse a aprobación dunha modificación orzamentaria nos seguintes termos:

CREDITO EXTRAORDINARIO

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO
26/330.3340.489.05	20500,00 €	Subvención nominativas de Cultura

Así mesmo, modificar o Anexo II das bases de execución do Orzamento incorporando as seguintes subvencións nominativas na aplicación 26/330.3340.489.05 por un importe total de 20.500,00 €:



APLICACIÓN	IMPORTE	BENEFICIARIO	Obxecto e finalidade
26/330.3340.489.05	8.000,00 €	Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) G-15810039	Desenvolvemento do programa "PonteEscena", destinado á creación dunha rede provincial de exhibición do teatro afeccionado mediante a organización de representacións escénicas en distintos concellos da provincia de Pontevedra, promovendo a difusión das artes escénicas, o asociacionismo cultural e o acceso da cidadanía á cultura
26/330.3340.489.05	5.000,00 €	Asociación Cultural Área Besta G-22663579	Organización do "Área Besta Festival", evento musical orientado á promoción da música en directo e á dinamización cultural do municipio, contribuíndo á diversificación da programación cultural e á promoción da actividade artística no territorio provincial.
26/330.3340.489.05	7.500,00 €	Asociación Cultural Beerrinchos G-21755608	Desenvolvemento do programa "Directo Xove", iniciativa dirixida á promoción de bandas e artistas emerxentes mediante a organización dun certame musical, actuacións en directo e accións de difusión orientadas ao impulso do talento musical novo e á dinamización cultural da comarca do Morrazo

As actuacións que se propoñen incorporar ao Anexo II das Bases de Execución do Orzamento responden a iniciativas de natureza cultural promovidas por entidades da provincia, respecto das cales se considera oportuno iniciar a tramitación dos correspondentes expedientes administrativos para a súa eventual concesión mediante subvención nominativa.

A incorporación ao Anexo II ten por finalidade posibilitar a súa tramitación, quedando a súa concesión condicionada á presentación da documentación requirida, á acreditación do interese público, social ou cultural de cada actuación e á emisión dos informes técnicos, xurídicos e de fiscalización que resulten preceptivos.

Á vista do exposto, considérase procedente:

- A aprobación da modificación de crédito correspondente.
- A modificación do Anexo II das Bases de Execución do Orzamento nos termos indicados.
- A continuación da tramitación individualizada, de conformidade coa normativa reguladora das subvencións, dos expedientes administrativos correspondentes a cada subvención nominativa, condicionada á incorporación da documentación necesaria e á emisión dos informes preceptivos.



Por todo o anterior, de conformidade co establecido nos artigos 172 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, proponse a modificación de crédito sinalada, previo informe de Intervención e aprobación do Pleno da Corporación.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

Firmado por: JORGE CUBELA LÓPEZ - ***2240**
Cargo: Deputado delegado
Data: 22/07/2026 13:47

Firmado por: ANTONIO SANTOS GUERRA - ***3005**
Cargo: Xefe do servizo de Cultura
Data: 21/07/2026 13:45



MAG/mcm

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2026 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN.

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, propónse realizar as seguintes modificacións de crédito:

1.- DOTAR CON CRÉDITO, 25.000,00 €, A APLICACIÓN 26/942.9431.489.01 PARA A CONCENSIÓN DUNHA SUBVENCIÓN Á ORQUESTRA CLÁSICA DE VIGO (G-36.688.422) PARA LEVAR A CABO O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DITA ENTIDADE PARA DESENVOLVER A TERCEIRA EDICIÓN DO PROGRAMA: "CONCERTOS ÁS BEIRAS DO MIÑO", QUE SE REALIZARÁ NO ANO 2026

A Orquestra Clásica de Vigo, decana das orquestras de Galicia con máis de 40 anos de existencia, é unha entidade sen ánimo de lucro, cuxo principal obxectivo é a difusión da música clásica entre a cidadanía xeral que ten a oportunidade, con este ciclo de concertos, de achegar a música sinfónica a poboacións nas que habitualmente non se celebran este tipo de concertos, escollendo espazos únicos das localidades fronteirizas como son os castelos, as igrexas, os parques ou as prazas, para por en valor a histórica conexión artística das dúas beiras do río Miño e, ao mesmo tempo, valorizarse o extenso patrimonio histórico e natural deste territorio a través dos concertos e as actividades divulgativas que se desenvolverán nos eventos.

O obxecto deste convenio é financiar o desenvolvemento da terceira edición do programa "CONCERTOS AS BEIRAS DO MIÑO", que se realizará no ano 2026. Con este ciclo de concertos, preténdese achegar a música sinfónica a poboacións nas que habitualmente non se celebran este tipo de concertos, escollendo espazos únicos das localidades fronteirizas como son os castelos, as igrexas, os parques ou as prazas, para por en valor a histórica conexión artística das dúas beiras do río Miño.

Trátase dun convenio cun encadramento claro de apoio ás políticas públicas desenvolvidas pola Deputación nos últimos anos, en canto á promoción e desenvolvemento local do territorio provincial fronteirizo con Portugal, aproveitando este feito como recurso e oportunidade de mellora social e económica da poboación dos municipios que dito territorio abranxe.

Por todo o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 177 e concordantes da Lei reguladora das Facendas Locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo) e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2026, determínase a necesidade de:

1. Dotar con 25.000,00 € á aplicación orzamentaria 2026/942.9431.489.01 para o desenvolvemento da terceira edición do programa "Concertos ás beiras do Miño"

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do Servizo de Cooperación, Marcos Areán González

Conforme, o deputado delegado de Cooperación Transfronteiriza, Roberto José Álvarez Carrero



MAG/nvs

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2026 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN.

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, propónse realizar a seguinte modificación de crédito:

1.- SUPLEMENTAR O CRÉDITO DO PROGRAMA +PROTECCIÓN 2026, PARA FACER FRONTE AS SÚAS NECESIDADES

Mediante o acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial 2.37031 da sesión ordinaria do día 8 de maio de 2026, aprobáronse as “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (+PROTECCIÓN 2026), publicadas no BOPPO número. 89, do 13 de maio de 2026.

O Plan +PROTECCIÓN 2026 e estaba dotado inicialmente con 100.000,00 euros.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes e examinada a documentación achegada, comprobouse que o número e importe das solicitudes que cumpren os requisitos establecidos na convocatoria do programa, exceden o crédito inicialmente consignado, resultando este insuficiente para atender todas aquelas que reúnen as condicións exixidas para ser beneficiarias das axudas.

Por tratarse de bens e servizos esenciais, resulta necesario adoptar as medidas precisas para garantir a atención do maior número posible de solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas correspondentes bases reguladoras. A ampliación do crédito dispoñible permitirá dar resposta de maneira máis eficaz ás necesidades prioritarias das agrupacións de voluntariado de protección civil, reforzando a súa capacidade operativa e contribuíndo ao recoñecemento do labor esencial que desempeñan. Esta medida pon de manifesto o compromiso da Deputación coa mellora e modernización dos equipamentos e infraestruturas destas agrupacións, impulsando o investimento en seguridade pública e benestar social. Así mesmo, contribúe a promover o compromiso cívico, a participación solidaria da veciñanza e o fortalecemento do tecido social da provincia.

Visto o artigo 177 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista crédito suficiente no orzamento da Corporación, o presidente da mesma ordenará a incoación do expediente de suplemento de crédito.

En consecuencia, no que atinxe á cuantificación da ampliación de crédito do programa de axudas a Agrupacións de persoal voluntario de protección civil, en base ao número de solicitudes recibidas e que se prevé que poidan cumprir a totalidade dos requisitos de subvencionabilidade esixidos, estímase que sería necesario **suplementar con 27.267,62 euros** as aplicacións de ditos programas para conseguir atender todas as peticións subvencionables, tal e como se detalla a continuación:



Programa	Contía inicial	Ampliación	Total	Aplicación
+PROTECCIÓN 2026	100.000,00 €	27.267,62 €	127.267,62 €	2026/942.1350.789.10

Por todo o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 177 e concordantes da Lei reguladora das Facendas Locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo) e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2026, determínase a necesidade de:

1. Dotar con 27.267,62€ a aplicación orzamentaria 2026/942.1350.789.10 do seguinte xeito:

Programa	Ampliación	Aplicación
+PROTECCIÓN 2026	27.267,62 €	2026/942.1350.789.10

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do Servizo de Cooperación, Marcos Areán González

Conforme, o deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias,
Alejandro Lorenzo Alonso



MAG

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2026 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN.

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, proponse realizar a seguinte modificación de crédito:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA DOTAR CON CRÉDITO POR IMPORTE DE 173.030,00 €, A APLICACIÓN 2026/942.3420.762.45, DESTINADA Á CONCESIÓN DUNHA ACHEGA AO CONCELLO DE PONTEVEDRA, MEDIANTE UN CONVENIO DE COLABORACIÓN, PARA EXECUTAR AS OBRAS DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE DO ESTADIO MUNICIPAL DE PASARÓN

O Estadio de Pasarón, de titularidade municipal, ten instalado un céspede que presenta deficiencias para o uso. Esta situación agrávase cada inverno e o seu estado actual fai que sexa moi complicada a práctica do fútbol e demais actividades, engadíndose a isto un incremento do risco de lesións para os usuarios.

A solución destes problemas pasaría necesariamente pola contratación da reconstrución integral do céspede do estadio, cuxos prazos de licitación, adxudicación e execución fan inviable que a mesma estea finalizada antes do inicio da temporada 2026/2027.

O informe de auditoría técnica encargado polo Concello de Pontevedra incorpora unha solución ponte para executar as actuacións necesarias que garantan a xogabilidade a nivel profesional, a seguridade dos xogadores e o mínimo risco de cancelación de partidos durante a temporada 2026/2027.

Dentro desta solución, o informe de auditoría técnica propón tres escenarios, sendo o máis recomendable o de instalación de “Tepe híbrido Lay & Play”, cuxo coste máximo ascende a 286.000 € máis IVE, o que supón un total de 346.060 €.

Aínda que se trata dunha instalación de titularidade municipal, do Concello de Pontevedra, a utilización do mesmo e o seu impacto é moi superior ó propio marco territorial municipal, tanto pola tipoloxía, calidade e cantidade de actividades que se realizan como polo público que alí se congrega e a relevancia social e deportiva dos eventos celebrados. Considérase xustificada, polo tanto, a existencia dun interese xeral provincial, de carácter social, económico e deportivo que fai conveniente e adecuado que a Deputación colabore no financiamento do investimento, no marco das súas competencias de cooperación económica cos municipios. Con esta imponente actuación de mellora das instalacións poderázse garantir a adecuada prestación de servizos de interese da cidadanía cun impacto de carácter supramunicipal.

Dado que se pretende conceder unha achega ao Concello de Pontevedra para axudar á financiar este investimento mediante a formalización dun convenio, resulta preciso que exista unha aplicación



orxamentaria que identifique expresamente ao beneficiario e o obxecto da subvención e que estea dotada co crédito adecuado e suficiente.

CONCLUSIÓN

Á vista do anterior, cómpre que se fagan os trámites oportunos para dotar con 173.030 € a aplicación orxamentaria 2026/942.3420.762.45, para facer fronte ao financiamento do 50% da renovación do céspede do Estadio de Pasarón, de conformidade co establecido no artigo 177 e concordantes da Lei reguladora das facendas locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo) e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2026.

Aplicación	Denominación	Importe
2026/942.3420.762.45	ACHEGAS CONCELLO PONTEVEDRA. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	173.030,00 €

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do Servizo de Cooperación, Marcos Areán González

Conforme, a deputada delegada da Área de Cooperación Local, María Pilar Ramallo Vázquez



Firmado por: MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ - ***9585**
Cargo: Deputada delegada
Data: 21/07/2026 13:42

INTERVENCIÓN

Firmado por: MARCOS AREÁN GONZÁLEZ - ***8886**
Cargo: Xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios
Data: 21/07/2026 12:57



EXPEDIENTE	2026057192
ASUNTO	Modificación de crédito 6/2026
TRÁMITE	Proposta de CRÉDITO EXTRAORDINARIO do Servizo de Benestar Social

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de decembro de 2025, acordou a aprobación definitiva do orzamento da Deputación para o exercicio 2026, e comprobado que existen necesidades extraordinarias no servizo de Benestar Social, a xefatura de servizo, co visto e prace da deputada delegada de área, no que a planificación orzamentaria do servizo se refire, elabora o presente INFORME – PROPOSTA para a aprobación de crédito extraordinario para o exercicio 2026, financiada con cargo a remanente de Tesourería:

PRIMEIRO.- Dotar con crédito de 15.000,00€ na aplicación 26/231-2311-789.10 para a concesión dunha subvención á ASOCIACIÓN DE VENEZOLANOS EN PONTEVEDRA (ASOVEDRA), con NIF G94181351 para a adquisición de planta potabilizadora para facer fronte á emerxencia humanitaria en Venezuela:

A recente traxedia humanitaria acaecida en Venezuela por mor do terremoto do 24 de xuño deu lugar a un contexto de emerxencia humanitaria sen precedentes nun país respecto do cal, ademais, Galicia ten fondos vínculos de irmandade.

A situación de colapso severo nos sistemas locais de tratamento e distribución de auga potable supoñen un risco de exposición da poboación a gromos de enfermidades, coa conseguinte alerta sanitaria e humanitaria.

SEGUNDO.- A Asociación de Venezolanos en Pontevedra (ASOVEDRA), con NIF G94181351 é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como finalidade principal integrar e articular accións en defensa e promoción dos dereitos humanos, as liberdades e os valores democráticos, sociais e culturais dos venezolanos e demais comunidades migrantes.

Entre os seus obxectivos específicos se atopan, entre outros, a defensa dos dereitos humanos das persoas venezolanas, o apoio ás persoas en risco de exclusión social así como a xestión de proxectos financiados por institucións públicas ou privadas, nacionais e internacionais.



Entre os intereses da Deputación de Pontevedra está prestar apoio a aquelas institucións e organismos que traballan cos colectivos máis vulnerables. O artigo 13 da Lei 1/2023, de 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento a Solidariedade Global define a acción humanitaria como o conxunto de accións orientadas a protexer e salvar vidas, previr e aliviar o sufrimento humano, atender as necesidades básicas e inmediatas e protexer os dereitos e a dignidade das persoas afectadas por crises de orixe físico-natural ou climático, ou provocadas pola acción humana, sexan momentáneas ou prolongadas no tempo. Inclúe accións de prevención e preparación ante desastres, resposta a emerxencias, e protección das persoas en situación de especial vulnerabilidade.

TERCEIRO.- A gravidade dos danos persoais e materiais provocados pola traxedia sísmica que asolou Venezuela o 24 de xuño de 2026, e a súa repercusión no acceso a auga potable, mobilizan á citada Asociación de Venezolanos en Pontevedra a fin de traballar a prol da posta a disposición da poboación local dunha planta potabilizadora.

A excepcionalidade e singularidade das circunstancias expostas impiden a tramitación de unha subvención mediante o mecanismo de concorrencia, de tal xeito que a colaboración da Deputación de Pontevedra responde a unha emerxencia de carácter humanitario, co fin do axudar a paliar a situación vital extrema que sofre a poboación afectada polas consecuencias do terremoto, para o cal é precisa a tramitación dunha subvención nominativa e directa, de carácter extraordinario e urxente, para o que se fai necesaria a tramitación dunha modificación orzamentaria, a través dun crédito extraordinario, por importe de 15.000,00 euros a favor da entidade citada.

O gasto se destinará á inversión consistente na adquisición dunha planta potabilizadora.

Por todo o anterior, e en virtude do disposto no artigo 79 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común e, seguindo os criterios establecidos nos artigos 177 e 214 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2026, trasládase a seguinte PROPOSTA:



- A tramitación dunha modificación de crédito consistente nun crédito extraordinario por importe de 15.000,00 euros na seguinte aplicación orzamentaria:

MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
Crédito extraordinario	231-2311-789.10	Investimentos de emerxencia a entidades de iniciativa social: achega a ASOVEDRA para adquisición de planta potabilizadora (emerxencia Venezuela)	15.000,00

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A Xefa do Servizo de Benestar Social



Expediente	2026057192
Asunto	Modificación de crédito 06/2026
Trámite	Proposta de modificación de crédito do servizo de Deportes

Unha vez aprobado o Orzamento Xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2026 e realizadas as modificacións orzamentarias tramitadas ata a data, constatouse a necesidade de incrementar o crédito de determinadas aplicacións orzamentarias do Servizo de Deportes co fin de garantir a adecuada cobertura orzamentaria das actuacións e programas previstos para o exercicio 2026.

En particular, resulta necesario incrementar o crédito destinado á convocatoria de subvencións para a adquisición ou adaptación de medios de transporte e mobilidade dos clubs deportivos da provincia, así como o crédito destinado ao programa de promoción e patrocinio deportivo, co fin de garantir o seu adecuado financiamento durante o exercicio 2026.

PROPONSE:

Primeiro. Incrementar en 500.000,00 € o crédito da aplicación orzamentaria 26/340.3410.789.05 – A entidades sen fins de lucro. Equipamentos, vehículos e remolques, co obxecto de incrementar o financiamento da convocatoria de subvencións dirixida aos clubs deportivos da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de medios de transporte e mobilidade directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade deportiva habitual durante o exercicio 2026, de conformidade co previsto nas bases reguladoras da convocatoria.

Aplicación que se incrementa	Importe (€)	Finalidade
26/340.3410.78905	500.000,00 €	Reforzar a dotación económica da convocatoria de subvencións para a adquisición ou adaptación de medios de transporte e mobilidade dos clubs deportivos da provincia de Pontevedra.



Segundo. Incrementar en 300.000,00 € o crédito da aplicación orzamentaria 26/340.3410.22620 – Gastos de promoción e patrocinio. Deportes, co fin de reforzar o crédito destinado á contratación de actuacións de promoción e patrocinio deportivo durante o exercicio 2026.

Aplicación que se incrementa	Importe (€) a incrementar	Finalidade
26/340/3410/22620	300.000,00 €	Reforzar a dotación económica dos programas e actuacións de promoción e patrocinio deportivo promovidos pola Deputación de Pontevedra.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.



Nº EXP	2026057192
ASUNTO	ORZAMENTO 2026: MODIFICACIÓN DE CRÉDITO
TRÁMITE	Informe- proposta do Museo

A Xefatura de Xestión do Museo de Pontevedra, coa conformidade do vicepresidente, como centro xestor responsable do proxecto de gasto 26_0004 – BIENAL DE PONTEVEDRA 2026-2027, emite o presente informe-proposta para a tramitación dun expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito, de conformidade co disposto na normativa reguladora das facendas locais.

Co fin de xustificar a necesidade dos gastos que se relacionan a continuación, todos eles vinculados ao citado proxecto, e tendo en conta que non poden demorarse ao exercicio seguinte sen prexuízo para a súa correcta execución, así como que o crédito consignado nas correspondentes aplicacións orzamentarias resulta insuficiente para atendelos, elabórase o presente INFORME,

Primeiro.- Obxecto

O presente expediente ten por obxecto incrementar os créditos consignados nas aplicacións orzamentarias vinculadas ao proxecto de gasto 26_0004 – BIENAL DE PONTEVEDRA 2026-2027, co fin de atender as necesidades derivadas da organización, produción e desenvolvemento da Bienal de Pontevedra, cuxa inauguración está prevista para o día 30 de abril de 2027.

A natureza e dimensión deste evento cultural fan imprescindible iniciar con suficiente antelación os procedementos de contratación dos artistas participantes, así como dos servizos técnicos e das prestacións necesarias para garantir a correcta execución da programación.

Segundo.- Xustificación da necesidade

Durante o proceso de definición e planificación da Bienal púidose determinar con maior precisión o alcance das actuacións previstas e os recursos necesarios para a súa execución.

Como consecuencia da configuración definitiva da programación artística, do incremento do número de participantes e da identificación das necesidades técnicas, organizativas e de produción asociadas ao evento, constatouse que os créditos inicialmente consignados nas aplicacións afectadas resultan insuficientes para atender as obrigas que deben asumirse durante o presente exercicio.

A contratación anticipada dos artistas e dos distintos servizos resulta imprescindible para garantir a súa dispoñibilidade, asegurar a adecuada planificación do proxecto e posibilitar o cumprimento do calendario de execución previsto.



Por este motivo resulta necesaria a tramitación dun expediente de suplemento de crédito que permita dotar de financiamento suficiente ás aplicacións que se relacionan a continuación:

Aplicación orzamentaria	Importe
333.3341.226.99 – Outros gastos. Bienal Arte (proxecto de gasto26_0004 – BIENAL DE PONTEVEDRA 2026-2027)	40.000,00€
333.3341.227.99 – Traballos realizados por outras empresas. Bienal Arte (proxecto de gasto26_0004 – BIENAL DE PONTEVEDRA 2026-2027)	30.000,00€
333.3341.227.06 – Estudos e traballos técnicos. Bienal Arte (proxecto de gasto26_0004 – BIENAL DE PONTEVEDRA 2026-2027)	15.000,00€

Cuarto.- Xustificación dos incrementos

Aplicación 333.3341.226.99 – Outros gastos (40.000,00 €)

O incremento destínase á formalización dos contratos cos artistas que integrarán a programación da Bienal. A definición definitiva do proxecto artístico e o aumento do número de participantes determinan a insuficiencia da dotación inicialmente prevista, sendo preciso dispoñer de crédito adecuado para formalizar os correspondentes compromisos contractuais.

Aplicación 333.3341.227.99 – Traballos realizados por outras empresas (30.000,00 €)

Esta aplicación financiará as contratacións de servizos e actuacións complementarias necesarias para a produción e desenvolvemento da Bienal. A planificación realizada puxo de manifesto a necesidade de incrementar a dotación económica para atender as prestacións imprescindibles para a execución da programación.

Aplicación 333.3341.227.06 – Estudos e traballos técnicos (15.000,00 €)

O suplemento permitirá afrontar a contratación de servizos técnicos especializados relacionados principalmente coa produción, coordinación, asistencia técnica e demais prestacións profesionais necesarias para garantir o correcto desenvolvemento do evento.

Quinto.- Necesidade e urxencia da modificación

As necesidades descritas non poden ser atendidas cos créditos actualmente dispoñibles, nin resulta posible demorar a súa execución ao exercicio seguinte, dado que a organización da Bienal require iniciar durante o presente exercicio os



expedientes de contratación necesarios para asegurar a correcta execución do proxecto e o cumprimento da programación prevista.

En consecuencia, concorren as circunstancias que xustifican a tramitación dun expediente de suplemento de crédito, ao existir crédito inicial insuficiente para atender as necesidades efectivamente previstas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial

PROPOSTA

Á vista do exposto, propónse a aprobación dun expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito, por un importe total de OITENTA E CINCO MIL EUROS (85.000,00 €), distribuído do seguinte xeito:

En base o exposto, e visto que os gastos a efectuar, non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para cales non resulta suficiente o crédito existente, o Museo de Pontevedra PROPÓN a aprobación dun expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito, por un importe total de OITENTA E CINCO MIL EUROS (85.000,00 €), distribuído do seguinte xeito::

CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
Outros gastos da Bienal de Arte	333.3341.226.99 – Outros gastos. Bienal Arte (proxecto de gasto26_0004 – BIENAL DE PONTEVEDRA 2026-2027)	40.000,00€
Traballos realizados por outras empresas na Bienal de Arte	333.3341.227.99 – Traballos realizados por outras empresas. Bienal Arte (proxecto de gasto26_0004 – BIENAL DE PONTEVEDRA 2026-2027)	30.000,00€
Estudos e traballos técnicos na Bienal de Arte	333.3341.227.06 – Estudos e traballos técnicos. Bienal Arte (proxecto de gasto26_0004 – BIENAL DE PONTEVEDRA 2026-2027)	15.000,00€
TOTAL CAPÍTULO II		85.000,00€

O que se traslada ós efectos oportunos.
En Pontevedra, na data da sinatura dixital.



TRÁMITE	INFORME – PROPOSTA DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NO MARCO DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2026
EXPEDIENTE	2026057192

A xefa de xestión administrativa co visto e prace da coordinadora xeral e do deputado delegado do Centro Príncipe Felipe, no que a planificación orzamentaria do servizo se refire, elabora o presente informe – proposta, para a tramitación da modificación orzamentaria – suplementación de crédito da aplicación orzamentaria 26/232.2312.226.99 – Gastos diversos, conforme o seguinte.

XUSTIFICACIÓN

Ao longo do exercicio púxose de manifesto a necesidade de acometer diversas actuacións de carácter institucional ligadas á conmemoración do 50 Aniversario do Centro Príncipe Felipe, e que pola súa natureza, deben imputarse á aplicación orzamentaria 26/232.2312.226.99 – Gastos diversos.

Estas actuacións comparten dúas características en común que é, que responden a necesidades que non puideron ser determinadas con suficiente precisión no momento da elaboración do orzamento vixente, e que experimentaron unha intensidade superior á inicialmente prevista, circunstancia que provoca a insuficiencia do crédito consignado na citada aplicación.

Neste contexto, apuntar que durante os vindeiros meses está prevista a realización de diversas accións destinadas á organización, promoción e difusión do aniversario institucional, entre as que se inclúen, a contratación de actuacións musicais vinculadas aos actos de celebración, tanto dirixido ás persoas usuarias do recurso, así como a terceiros, institucións e entidades que neles participen, a produción de material audiovisual de carácter institucional para a difusión do aniversario, a adquisición de árbores ornamentais e doutros elementos vexetais destinados á mellora e acondicionamento dos espazos verdes do Centro Príncipe Felipe, así como outros gastos de natureza análoga imprescindibles para o correcto desenvolvemento da programación institucional.

Á vista do exposto, constátase que o crédito actualmente dispoñible na aplicación 26/232.2312.226.99 – Gastos diversos resulta insuficiente para atender as obrigas que se prevé contraer ata o remate do exercicio, resultando necesario o incrementar a súa dotación mediante unha suplementación de crédito na contía de sesenta mil (60.000 €).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial



PROPOSTA

En atención ao anteriormente exposto, **proponse a tramitación da correspondente modificación orzamentaria para a habilitación de crédito, conforme o seguinte:**

Aplicación Modificación	Actuacións	Contía
26/232.2312.226.99 Suplementación	Gastos diversos derivados da organización das actuacións, adquisicións e demais accións vinculadas á conmemoración do 50 aniversario do CPF	60.000 €

En Pontevedra, na data da sinatura dixital.

INTERVENCIÓN.-



ASUNTO	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NO MARCO DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2026
TRÁMITE	INFORME COMPLEMENTARIO Á PROPOSTA DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE
EXPEDIENTE	2026057192

A xefa de xestión administrativa co visto e prace da coordinadora xeral e do deputado delegado do Centro Príncipe Felipe, no que a planificación orzamentaria do servizo se refire, elabora o presente informe complementario para a tramitación da modificación orzamentaria – suplementación de crédito da aplicación orzamentaria 26/232.2312.227.99 – Traballos realizados por outras empresas, conforme o seguinte.

XUSTIFICACIÓN: Demolición urxente e retirada do núcleo de escaleiras de emerxencia da ala norte do Centro Infantil Escola Fogar no Centro Príncipe Felipe

O Centro Príncipe Felipe alberga tres centros de acollemento, que son o Centro Infantil e os dous centros Infantil- Xuvenís que son Escola Fogar e Agarimo. Estes se definen como un recurso de acollemento residencial para a infancia e a adolescencia en idades comprendidas entre os 0-18 anos, de ambos sexos, en situación de risco, desamparo ou con especiais dificultades no seu ámbito familiar.

O edificio que acolle o Centro Infantil-Xuvenil Escola Fogar, unha construción da década dos setenta, distribuída en seis andares e con planta en forma de L, dispón de dous núcleos de escaleiras exteriores para evacuación, situados en ambos os extremos do edificio.

No ano 2019, detectouse un avanzado estado de corrosión en ambas as escaleiras, polo que se contratou a realización dun estudo estrutural das mesmas. Á vista das conclusións do citado informe, adxudicouse o contrato de asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución das obras de substitución das citadas escaleiras de emerxencia. Unha vez obtidas as autorizacións administrativas necesarias, iniciouse o expediente para a contratación das obras o cal unha vez desenvolto, se declarou deserto. Á vista destas circunstancias, iniciouse novamente a tramitación do expediente para a adxudicación, non obstante, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria de data 18 de novembro de 2023, acordou novamente declarar deserto o procedemento. Á vista da situación descrita e do tempo transcorrido desde a emisión do informe de patoloxías elaborado no ano 2019, conclúese que este xa non reflicte o estado real da estrutura, polo que na actualidade estase traballando no estudo da viabilidade de eliminar os dous núcleos de escaleiras de evacuación mediante a execución das modificacións interiores necesarias para garantir o pleno cumprimento das esixencias establecidas no Documento Básico de Seguridade en caso de Incendio (DB-SI) do Código Técnico da Edificación.

Durante o desenvolvemento destes traballos, o proceso de deterioración e corrosión das escaleiras continuou avanzando, especialmente no caso da escaleira da ala norte, que na actualidade presenta un grave estado de degradación, tanto no pechamento exterior e nos seus elementos de protección como na estrutura portante inferior, na que se aprecia unha avanzada corrosión pasante, así como o esgotamento e rotura das superficies de tránsito.



En consecuencia, con data 15 de xullo de 2026, a empresa Freire y Vázquez Arquitectos, S.L.P., emitiu un informe técnico no que conclúe que a escaleira da ala norte se atopa nun estado de ruína física irreversible e colapso inminente e no que establece que procede a demolición total mediante o desmontaxe controlado da escaleira.

Á vista do exposto, constátase que o crédito actualmente dispoñible na aplicación 26/232.2312.227.99 – Traballos realizados por outras empresas, resulta insuficiente para atender as obrigas que se prevé contraer ata o remate do exercicio, resultando necesario o incrementar a súa dotación mediante unha suplementación de crédito na contía de vinte e un mil euros (21.000 €).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial

PROPOSTA

En atención ao anteriormente exposto, **proponse a tramitación da correspondente modificación orzamentaria para a habilitación de crédito, conforme o seguinte:**

Aplicación Modificación	Actuacións	Contía
26/232.2312.227.99 Suplementación	Demolición urxente e retirada do núcleo de escaleiras de emerxencia da ala norte do Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar no Centro Príncipe Felipe	21.000 €

En Pontevedra, na data da sinatura dixital.

INTERVENCIÓN.-



MCC/naa

ASUNTO: INFORME-PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2026 DO SERVIZO DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de decembro de 2025, acordou a aprobación definitiva do orzamento da Deputación para o exercicio 2026, e comprobando o detalle no servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local propónse realizar a seguinte modificación de crédito:

1. Adecuar o orzamento do servizo, 11.000,00 €, implementando a aplicación orzamentaria 240.4312.489.01 para un programa de subvención do ano 2026 correspondente á Federación de entidades y empresas del comercio y servicios de la provincia de Pontevedra (G36911543) para financiar a campaña de comunicación do comercio local, debido á insuficiencia de crédito para a súa correcta execución.
2. Dotar con crédito, 50.000,00 €, a aplicación 240.2410.489.06 para a concesión dunha subvención á Confederación Empresarios Pontevedra (G36615219) para o desenvolvemento da actividade denominada Factoría de Emprendemento.

A Confederación Empresarial de Pontevedra (CEP) é a organización empresarial intersectorial de ámbito provincial que representa e vertebra o tecido empresarial da provincia, integrando as principais organizacións empresariais sectoriais e territoriais. A súa implantación no conxunto do territorio, a súa condición de interlocutora económica e social de referencia e a súa capacidade para coordinar actuacións entre entidades públicas e privadas sitúana nunha posición singular para impulsar iniciativas de interese xeral orientadas ao fortalecemento do emprendemento e do tecido produtivo provincial.

A actuación presenta un carácter singular e excepcional, ao desenvolver un proxecto integral de ámbito provincial que combina a coordinación dos recursos de apoio ao emprendemento, o asesoramento e acompañamento ás persoas emprendedoras, o desenvolvemento dun observatorio de detección de iniciativas emprendedoras e necesidades formativas e a realización de accións formativas para emprendedores. A súa execución require unha capacidade de representación, coordinación e coñecemento do tecido empresarial que concorre de maneira singular na CEP.



En consecuencia, a actuación contribuirá a favorecer o emprendemento na provincia mediante a creación e consolidación de novas empresas o que impulsará un desenvolvemento económico equilibrado da provincia, resultando determinante para a consecución destes obxectivos a posición institucional e a capacidade de vertebración territorial da CEP.

Por todo o anterior, e en virtude do disposto no artigo 79 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común e, seguindo os criterios establecidos nos artigos 177 e 214 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2025, determínase a necesidade de incluír as seguintes modificacións de crédito no expediente de modificación de crédito 06/2026, co seguinte detalle:

1. Adecuar o orzamento do servizo, 11.000,00 €, implementando a aplicación orzamentaria 240.4312.489.01 para un programa de subvención do ano 2026 correspondente á Federación de entidades y empresas del comercio y servicios de la provincia de Pontevedra (G36911543) para financiar a campaña de comunicación do comercio local, debido á insuficiencia de crédito para a súa correcta execución, segundo o seguinte:

240_FOMENTO DE EMPREGO			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO INICIAL	Obxecto e finalidade
240.4312.48901	OTRAS TRANSFERENCIAS, "VARIAS"	15.000,00 €	
G36911543	FEDERACIÓN DE ENTIDADES Y EMPRESAS DEL COMERCIO Y SERVICIOS DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	11.000,00 €	FINANCIAR A CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN DO COMERCIO LOCAL, QUE BUSCA DINAMIZAR A COMPRA EN ESTABLECEMENTOS FÍSICOS DE PROXIMIDADE EN TODA A PROVINCIA PARA O SEU FOMENTO E IMPULSO ASÍ COMO PARA CONTRIBUÍR Á PERMANENCIA DOS ESTABLECEMENTOS E A XERACIÓN DE ACTIVIDADE EMPRESARIAL ASÍ COMO DE RIQUEZA NO TERRITORIO.



2. Dotar con crédito, 50.000,00 €, a aplicación 240.2410.489.06 para a concesión dunha subvención á Confederación Empresarios Pontevedra (G36615219) para o desenvolvemento da actividade denominada Factoría de Emprendemento, segundo o seguinte:

240_FOMENTO DE EMPREGO			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
240-2410-489.06	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, EMPRENDEMENTO_FOMENTO DO EMPREGO		
G36615219	CONFEDERACIÓN EMPRESARIOS PONTEVEDRA	50.000,00 €	FINANCIAR A ACTIVIDADE FACTORÍA DE EMPRENDEMENTO, DESTINADA AO IMPULSO E APOIO AO EMPRENDEMENTO, FAVORECENDO A CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS E REFORZANDO O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DA PROVINCIA.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

INTERVENCIÓN (ORZAMENTOS, PLANS E URBANISMO).-

